

UISEU: UNHA CIDADE SUSTENTÁBEL

Xan Carlos Fernández

X. C. Fernández



O bus eléctrico de Viseu permite percorrer as rúas da zona histórica da cidade.

Propoñemos ás persoas lectoras da revista Cerna unha viaxe ao Centro de Portugal, concretamente á capital do distrito da Beira Alta Interior. A cidade de Viseu foi de novo escollida pola Asociación para a Defensa dos Consumidores (DECO) portugueses como cidade con mellor calidade de vida polo seu planeamento e xestión municipal, a mobilidade e a calidade ambiental da cidade, entre outros valores.

É posíbel viaxar de transporte público até Viseu e así o fixemos como medio máis respectuoso coas persoas e co terri-

torio. Apañamos o autocarro na estación de Chaves, cidade que forma parte dunha experiencia futura para partillar servizos con Verín (Proxecto Eurocidade). A liña regular de transporte foxe das autoestradas e continua polas estradas nacionais antigas onde baixan e soben viaxeiros. O percurso é realmente espectacular, polos distintos accidentes xeográficos e xeolóxicos que atravesamos, onde destaca a antiga falla denominada "Peso da Régua-Verín" pasando por varias estacións balnearias; Vidago, Pedras Salgadas-Vila Pouca de Aguiar e continuando para a capital de Tras Os Montes, Vila Real. Descendemos até o Douro Vinhateiro, coas vistas arrebatadoras dos socalcos das viñas de Peso da Régua e Lamego.

Á nosa chegada a Viseu sorpréndenos polas imensas novas avenidas totalmente arborizadas con moita sombra e proporcións moi xenerosas. A central de autocarros fica moi pertiño do centro histórico, totalmente accesíbel a pé. Deste espazo destaca a súa vitalidade e magnífica recuperación de vivendas e pavimen-

tos. O comercio do centro histórico, afortunadamente, conserva antigos negocios de perrucarías, xastrerías, casas de comidas con sabor ao antigo e que non foi invadido polas multinacionais uniformizadoras e descaracterizadoras, alén de podermos comprobar a amabilidade, simpatía e corrección no trato das persoas que están ao fronte deste comercio.

Se por unha cousa destaca a cidade é polos seus inmensos espazos verdes que posúe (por exemplo o frondoso Parque Aquilino Ribeiro) e sobre todo o Parque do Fontelo, unha inmensa mata ou bosque con espazos deportivos no seu interior e centos de sendeiros e trillos para camiñar.

Mais os viseenses quéixanse de que "podemos ter os xardíns máis bonitos e cuidados e temos, mas unha cidade moito bonita, sen economía, sen oportunidades non é viábel". Por iso nós propoñemos viaxar ao Interior, dos territorios e das persoas, para axudar a que estes espazos teñan outras valías.



PARA TER UNHA CIDADE SEGURA PRECÍSASE ALGO MÁIS QUE PALABRAS. ESPAZOS DE CALIDADE NO QUE OS COCHES NON SEXAN UN PERIGO PARA AS PERSOAS, VAIAN A PE OU EN BICI. LOMBOS QUE IMPIDEN UNHA CIRCULACIÓN SALVAXE, LIMITACIÓN DA VELOCIDADE A 30 KMH EN ZONA URBANA, ACCESIBILIDADE UNIVERSAL DO ESPAZO PÚBLICO...

EU LIMÍTOME A 30 POR HORA

PORQUE CANDO YOU EN COCHE TAMÉN COIDO A QUEN VAI SEN EL

